

## **ACTA DA SESION ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL CORRESPONDENTE O DIA 8 DE OUTUBRO DO 2007.-**

Na Casa Consistorial do Concello de Ribadavia, o día oito de outubro de dous mil sete; as dúas do mediodía xúntanse os señores que de seguido se sinalan para celebraren a sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local correspondente a esta data: Alcalde-Presidente don Marcos Blanco Jorge.- Concelleiros: Don Anxo Collarte Pérez, Don José Ignacio Gómez Pérez, Dona Manuela Iglesias Collarte e Don Francisco Xabier Carreira Sebio.-

Está presente o Secretario-Interventor do Concello, Don Vicente Soto Rodríguez.

Aberta a sesión polo Sr. Alcalde, pásase de seguido ó estudio dos asuntos que conforman a anunciada Orde do Día, que resultan se-los seguintes:

### **1.- ACTA ANTERIOR.-**

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, aproba o borrador da Acta da sesión anterior, que foi a celebrada o pasado 1 de Outubro do dous mil sete (Ordinaria).

### **2.- OBRAS MAIORES.-**

Non houbo.-

### **3.- ESCRITOS DOS SEÑORES CIADÁNS.-**

Non houbo.-

### **4.- ESCRITOS OFICIAIS.-**

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistente, toma coñecemento dos seguintes:

-Da Dirección Xeral de Desenvolvemento Sostible, comunicando Resolución de 2 de outubro de 2007 para o proxecto denominado “Avanzar sen esmagar cara o Desenvolvemento Sostible” por importe de 4.253 euros” encadrada na realización de actividades de educación para a sustentabilidade”.

-“De Aqualia, comunicando resultado de análise de abastecemento e E.D.A.R. de Francelos, correspondente os meses de Xullo-Agosto 2007”.

-“De Aqualia, comunicando Edición nº 2 Actualizada do Protocolo de Autocontrol e Xestión do abastecemento a Ribadavia, en cumprimento do apdo. 5º do artigo 18 do Real Decreto 140/2003”.

## **5.- CUESTIONS ECONOMICAS E ASUNTOS VARIOS.-**

### **APROBACIÓN LISTADO COBRATORIO DA TAXA POLO SUBMINISTRO DE AUGA 3º TRIMESTRE DO 2007.-**

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistentes, presta a súa aprobación ao listado cobratorio da taxa polo subministro de auga, 3º trimestre do 2007, por importe de 41.746,63 euros, tarifa de depuración por importe de 8.048,97 euros, máis 3.491,40 euros de IVE, resultando un total de 53.287 euros.- Así mesmo, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda aprobar o listado cobratorio da taxa de depuración de residuais, correspondente ao 3º trimestre do 2007, por importe de 17.365,49 euros e o Canon de saneamento da Xunta, por importe de 15.910,80 euros.- Acorda tamén a Xunta de Goberno Local sinalar coma período de cobranza voluntario dos servizos anteriormente referidos entre os días 1 de Outubro e o 15 de Novembro do 2007.-

### **APROBACION DE CONVENIOS.-**

“A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, presta aprobación o Convenio de Colaboración entre o Concello de Ribadavia e a entidade Mizukami Escuela de Karate Shotokan, para a realización da actividade denominada “Karate-do”.

“A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, presta aprobación o Convenio de Colaboración entre o Concello de Ribadavia e o Club de Tenis Miño, para o desenvolvemento da actividade Escola Municipal de Tenis.”

“A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, presta aprobación o Convenio de Colaboración entre o Concello de Ribadavia e Dona Sara Fraser, para o desenvolvemento da actividade denominada Silat de la Grulla Blanca (Kung-fú).”

“A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, presta aprobación o Convenio de Colaboración entre o Concello de Ribadavia e Dona Pilar Vázquez Covelas, para o desenvolvemento da actividade denominada Ximnasia Estética.”

### **APROBACION DE BAREMO PARA SELECCIÓN DE PERSOAL.-**

“En relación coa convocatoria para a contratación de persoal laboral temporal (Brigada de Acondicionamento de Espazos Públicos), Programa de Cooperación Local 2007, a Xunta de Goberno en relación co proceso de selección, por unanimidade dos asistentes, acorda o seguinte:

**PRIMEIRO.-** Aplicar as Bases xerais, aprobadas polo Pleno deste Concello, de data 28 de febreiro de 2002, e publicadas no B.O.P. núm. 65 de 20 de marzo de 2002.

**SEGUNDO.-** Realización dunha entrevista persoal sobre cuestións relacionadas co posto de traballo ofertado, valorarase de 0 a 2 puntos.

Os puntos obtidos neste apartado sumaranse aos obtidos despois de aplicar o baremo establecido nas bases referidas”.

TERCEIRO.- Convocar os membros do Tribunal para o día 10 de outubro as 10 horas na Casa Consistorial, que estará composto de acordo co establecido na base 7ª das referidas bases, co obxecto de proceder a valoración da fase de concurso e a entrevista”.

**6.- ROGOS E PREGUNTAS QUE SE FORMULEN REGULAMENTARIAMENTE.-**

Non houbo.-

E sendo as dúas e media do mediodía, o Sr. Alcalde, ergueu a sesión, estendéndose a presente, do cal, coma Secretario, certifico.